
UNHA INIMIGA DO POBO
de HENRIK IBSEN
con Marta Lado
Dani Trillo, María Ordóñez, Toño Casais, Rubén Prieto
Marta Ríos, Diego Rey, Xurxo Barcala e Artur Trillo
dramaturxia VANESA SOTELO e TITO ASOREY dirección TITO ASOREY
talía teatro
ESPECTÁCULO SUBVENCIONADO POR:
AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS
COA COLABORACIÓN DE:
Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña
COMPAÑÍA ASOCIADA A:
Escena Galega

talía teatro
presenta

# UNHA INIMIGA DO POBO

de Herik Ibsen

con dramaturxia de Vanesa Sotelo e Tito Asorey

*Un espectáculo que denuncia unha forma de facer política e pon de manifesto o contexto hostil que crean a desinformación, o poder das redes sociais, a crise ecolóxica, a depredación neoliberal,... no que as emoción humanas son sometidas á máxima presión.*

## presentación

*Unha inimiga do pobo* é a adaptación dunha das pezas máis significativas da literatura dramática universal.

Cento corenta anos despois o texto de Henrik Ibsen segue a servir de material inflamable para denunciar unha forma de facer política que antepón os beneficios económicos sobre a saúde da poboación, ao tempo que permite reflexionar sobre o poder dos medios de comunicación á hora de moldear a opinión pública e colocala no lugar no que ao poder lle interesa.

A vixencia do texto manifestase ao descubrir como os problemas incipientes que o protagonista afrontaba no século XIX aínda se volveron máis profundos e nocivos na actualidade.

Coa vontade de aproximar aínda máis a peza, a Galicia actual serve de escenario para unha proposta onde a desinformación, o poder das redes sociais, a crise ecolóxica e a depredación neoliberal deseñan un contexto hostil no que as emocións humanas son sometidas á máxima presión.



Un espectáculo que conta coa axuda á creación escénica da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC).

# sinopse

Helena é unha doutora de prestixio internacional que regresa á vila natal para comezar unha nova etapa. Embarazada de sete meses, afronta o seu novo estado coa ilusión posta nun novo proxecto profesional: o balneario que ela mesma deseñou, e que se presenta como un alternativa turística sostible e saudable para a súa vila.

A inesperada contaminación das augas da zona e a súa loita por preservar a saúde da poboación fronte aos intereses económicos van colocala no punto de mira da veciñanza, que ve como se pon en risco a prosperidade da comunidade.





# ficha artística -técnica

REPARTO

**Marta Lado
Dani Trillo,
María Ordóñez,
Toño Casais,
Rubén Prieto
Marta Ríos,
Diego Rey,
Xurxo Barcala** e
**Artur Trillo**

ESCENOGRAFÍA

**DANI TRILLO**

VESTIARIO e MAQUILLAXE

**MARTINA CAMBEIRO**

ILUMINACIÓN

**LAURA ITURRALDE**

MÚSICA ORIXINAL

**MANU ABRALDES**

PRODUCIÓN

**AURI FERREIRO e
ARTUR TRILLO**

DRAMATURXIA

**VANESA SOTELO e
TITO ASOREY**

DIRECCIÓN

**TITO ASOREY**

# dirección TITO ASOREY



(Ourense, 1977). Tito Asorey é licenciado en Historia e en Arte Dramática. Compaxina desde o ano 2000 a súa doble faceta como actor e director de escena. Foi cofundandor das compañías ilMaquinario Teatro (O Home Almofada, Perplexo, Resaca), e A Quinta do Cuadrante (O empapelado amarelo, A Lúa vai encuberta, Continente María). Alén diso, é responsable da dirección de dous dos maiores éxitos do teatro galego dos últimos anos, Somos Criminais e Fariña, coa productora Ainé. No seu haber ten cinco premios María Casares e foi nominado en dúas ocasións ao premio á Mellor Dirección Nacional pola Asociación de Directores de Escena de España.

# O elenco



Marta Lado



Dani Trillo



María Ordóñez



Toño Casais



Rubén Prieto



Marta Ríos



Diego Rey



Xurxo Barcala



Artur Trillo

www.taliateatro.gal